



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO EXTRAORDINARIO NÚM. 1 DO 22 DE XANEIRO DE 2024

Exp. núm.: 2024/G010/000001

PERSOAS ASISTENTES

PRESIDENTA:

Da. María Lago Lestón (BNG)

CONCELLEIROS/AS:

D. Mario Martínez Lago (BNG)

Da. Maruxa Martínez Romaní (BNG)

Da. Caridad González Cerviño (PSOE)

D. Damián Torea García (PSOE)

Da. Sandra Maneiro Pais (PSOE)

Da. María Inés Monteagudo Romero (PP)

Da. María del Carmen González García (PP)

D. José Vázquez Rama (PP)

D. Juan Manuel Martínez Martínez (PP)

Da. María Manuela Leis Cambeiro (PP)

D. Manuel Secundino Lago Álvarez (MC)

Non asiste pero xustifica a súa ausencia a concelleira, Da. Laura Eiras Rivadeneira (BNG)

Actúa como secretario, D. José Manuel Mayo Priegue, secretario accidental do Concello de Muros

ORDE DO DÍA

1. PARTE DISPOSITIVA

ÚNICO. Sorteo das mesas electorais para as eleccións ao Parlamento de Galicia de 2024 (18 de febreiro de 2024)



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

No salón de sesións da Casa Consistorial sendo ás nove horas e corenta e cinco minutos, do día de referencia, reúnen-se en primeira convocatoria os/as concelleiros/as citados/as anteriormente, co obxecto de celebrar a sesión extraordinaria do Pleno da corporación, asistidos por min, a secretario accidental do Concello que emitirá as certificacións oportunas.

Comprobada a existencia do quórum necesario, a señora alcaldesa declara aberta a sesión, con arranxo á seguinte orde do día:

ÚNICO. Sorteo das mesas electorais para as eleccións ao Parlamento de Galicia de 2024 (18 de febreiro de 2024)

Segundo o establecido no artigo 26 da Lei orgánica de réxime electoral xeral (LOREX), e para a constitución das mesas electorais das vindeiras eleccións ao parlamento de Galicia a celebrar o día 18 de febreiro de 2024, o Pleno procede a efectuar o sorteo dos membros das mesas electorais mediante medios informáticos, para o cal se utiliza o programa do INE: <https://idacelec.ine.es> (portal IDA_Celec).

Acórdase establecer un total de dez suplentes por cada integrante das mesas para, e de ser o caso, nomear novos compoñentes das mesas para substituír ás persoas seleccionadas que por motivos xustificadas non poidan acudir o día das eleccións.

Efectuado o sorteo por medios informáticos, cuxo resultado se incorpora ao expediente. A Secretaría imprimeo para constancia dos membros da corporación presentes, e aprobado por unanimidade dos mesmos. Ademais, acórdase que a Secretaría emita a oportuna certificación para a súa remisión á Xunta Electoral de Noia.

E sen máis asuntos que tratar, a señora alcaldesa dá por rematada a sesión, cando son as dez horas e quinde minutos do día de referencia, e de todo o que eu, como secretario accidental, dou fe.

Documento asinado electronicamente.